

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DAS OBRAS DE MELLORA DE REDE VIARIA NA AVDA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA.ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)

EXPDTE_CONTRA_2024/C003/000005

1.-OBXECTO DA MEMORIA

Redáctase a presente memoria de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014(en adiante LCSP), para dar cumprimento ás esixencias legais establecidas no artigo 116 e 63.3.a) da LCSP.

O obxecto da memoria é xustificar a necesidade e idoneidade do contrato das obras a realizar no parque empresarial de Sigüeiro conforme ao proxecto redactado polo arquitecto municipal, don Manuel Suárez Bermúdez en data febreiro de 2023 e asinado o 01/02/2023 , denominado MELLORA DE REDE VIARIA NA AVDA ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA.ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO).

2- NATURALEZA E EXTENSIÓN DAS NECESIDADES A CUBRIR E IDONEIDADE DO SEU OBXECTO

Logo de ver a notificación da Resolución da Consellería de Economía e Industria do 23 de maio de 2024 pola que se lle concede ao Concello de Oroso unha subvención por importe de 120.00 euros para o proxecto de Mellora de rede viaria na Avda Álvaro Cunqueiro e Rúa Mesía, substitución de canle na Rúa Curros Enriquez e execución de beirarrúa na Avda. Álvaro Cunqueiro (Parque empresarial de Sigüeiro) ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réximen de concorrencia competitiva, das axudas encaminadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024(DOG núm. 14, do 19.01.2024) considerase necesario proceder á licitación para adxudicar o contrato das ditas obras, facendo constar o seguinte:

O artigo 28 da LCSP, establece no seu apartado 1 o seguinte:

“1. Las entidades del sector público no podrán celebrar otros contratos que aquellos que sean necesarios para el cumplimiento y realización de sus fines institucionales. A tal efecto, la naturaleza y extensión de las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato proyectado, así como la idoneidad de su objeto y contenido para satisfacerlas, cuando se adjudique por un procedimiento abierto, restringido o negociado sin publicidad, deben sere determinadas con precisión, dejando constancia de ello en la documentación preparatoria, antes de iniciar el procedimiento encaminado a su adjudicación.”

Trátase de xustificar, en primeiro lugar, que a natureza propia da obra que nos ocupa, se adecúa ao fin institucional da Administración que a promove. Neste sentido, vemos que se trata da mellora do pavimento de varias rúas no Concello de Oroso, as cales son bens de uso público de conformidade co artigo 3.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que establece que “1. Son bienes de uso público local los caminos, plazas, calles, paseos, parques, aguas de fuentes y estanques, puentes y demás obras públicas de aprovechamiento o utilización generales cuya conservación y policía sean de competencia de la entidad local”.

A actuación enmarcase dentro das competencias que este Concello ten otorgadas polo artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local(en adiante LBRL) que sinala a competencia municipal na “ infraestructua viaria ..”

A necesidade a satisfacer co contrato é a execución das obras necesarias para a mellora do pavimento dun vial público e parte doutro, no que tamén se executará a beirarrúa no tramo que lle falta, así como a substitución da canle de formigón sita na zona media de cada vial noutra rúa, as tres de acceso a parcelas pertencentes ao Parque Empresarial de Sigüeiro, concretamente na Avda.Álvaro Cunqueiro, na Rúa Mesía e na Rúa Curros Enríquez, respectivamente.

Na Avda Álvaro Cunqueiro e na Rúa Mesía o deterioro do pavimento de mestura bituminosa existente é consecuencia, ademáis do paso do tempo, do numeroso tráfico pesado que circula diariamente polos mesmos, na súa maior parte camións con grandes tonelaxes de peso que aceden a cargar ou descargar a súa mercancía nas naves industriais ubicadas no parque empresarial.

Pola contra, a capa de rodadura da Rúa Curros Enríquez presenta un estado aceptable, sen embargo, cando os vehículos pesados realizan manobras invaden en numerosas ocasións, a canle de formigón que separa os dous carrís de circulación provocando a súa rotura debido ao gran peso de que dispoñen xunto coa carga que adoitan transportar.

Por último, a Avda Álvaro Cunqueiro, no seu tramo final hacia o casco urbano de Sigüeiro, non dispón de beirarrúa polo que, coa finalidade de que o parque empresarial dispoña en todos os seus viais dunha zona peonil, proxéctase a execución da beirarrúa nese tramo.

Neste sentido ponse de manifesto a necesidade de realizar obras de mellora das seguintes rúas co obxectivo de garantir o correcto mantemento e uso da rede viaria municipal:

CONCEPTO	BASE	IVE	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN
MELLORA DE PAVIMENTO NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO E RÚA MESÍA, SUBSTITUCIÓN DE CANLE NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVDA. ÁLVARO CUNQUEIRO (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO)	123.966,94 €	26.033,06 €	150.000,00 €

De acordo co disposto no artigo 26.1.a) da LBRL, a actuación encádrase dentro dos servizos mínimos obrigatorios que todos os municipios deberán prestar : “pavimentación das vías públicas.”

Dado que se trata da prestación dun dos **servizos mínimos obrigatorios** para tódolos concellos, é necesaria a súa realización para poder cumprir coa obriga establecida no antedito artigo, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir e a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo o exposto e na documentación e proxecto óbrante no expediente, de conformidade co establecido no artigo 28 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. CLASIFICACIÓN DO CONTRATO.CÓDIGO CPV

En aplicación do artigo 13 da LCSP, o contrato relativo ás actuacións previstas no referido proxecto é calificado como contrato de obras, entendendo ésta como o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxenería civil, destinado a cumprir por sí mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.

De acordo co disposto no artigo 232 da mesma Lei, o grupo de clasificación do contrato relativo á natureza e obxecto das obras incluídas no proxecto é “Obras de primer establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación.”

Asemesmo, en aplicación do Anexo I da LCSP, os códigos CPV do contrato que figuran no proxecto son os seguintes:

45232130-2 Traballos de construción de canalizacións de augas pluviais

45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas

45233262-3 Traballos de construción de zonas peatonais

4.- DIVISIÓN EN LOTES

Polo técnico redactor do proxecto indicouse no Anexo Administrativo que :

“O artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que “Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, e poderanse reservar lotes de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras”.

No que respecta á execución das obras proxectadas no proxecto de “Mellora de pavimento na avda. Álvaro Cunqueiro e rúa Mesía, substitución de canle na rúa

Curros Enríquez e execución de beirarrúa na avda. Álvaro Cunqueiro (Parque Empresarial de Sigüeiro)”, pola natureza e dimensións da obra a executar, non procede a realización dos traballos por diferentes empresas, en tanto que se solaparían actuando nos mesmos tallos, o que ocasionaría retrasos na execución da obra e dificultades para esixir responsabilidades en caso de deficiencias ao actuar diferentes empresas na mesma partida de obra, polo que vese imposible, neste caso, a división en lotes, sendo a única forma de conseguir o obxecto do contrato a completa execución da obra por unha única empresa.

Por outra parte, a división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

O proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, nos que existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde e a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.

Ademais, a división en lotes tamén suporía un retraso na adxudicación dos investimentos e, polo tanto, na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.

Por último, con respecto á dirección técnica das obras, debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, implicaría a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución dunha pluralidade de contratistas, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos no concello.

Polo tanto, considérase que a obra non pode dividirse en lotes, tendo, a mesma, carácter de investimento completo ao ser susceptible de entrega ao uso público.

Quedando así debidamente xustificada de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 99 da LCSP a non división en lotes deste contrato.

Oroso, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Alexander Doval Expósito